

**ACTA DA 1ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE AGOSTO DE 2018 DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DA OBRA “HUMANIZACIÓN AVENIDA FERNANDO CONDE” (expte. 4037/2018)**

Reunidos na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Excmo. Concello da Estrada, ás 10:30 horas do día 27 de agosto de 2018, os integrantes da Mesa de Contratación que se constitúe para proceder á apertura de plicas correspondentes ao procedemento aberto simplificado con destino á contratación das obras de “HUMANIZACIÓN AVENIDA FERNANDO CONDE”, que a continuación se relacionan:

**PRESIDENTE:**

- O Sr. Alcalde D. José C. López Campos.

**VOGAIS:**

- Dona Lucía Artime Alonso, Secretaria Municipal
- Dona Rosa María Méndez Aragunde, Interventora Accidental Municipal.
- D. Enrique Ponte Clares, Arquitecto Municipal.
- D. Daniel Orrea Corral, Arquitecto Técnico Municipal.
- D. Ramón Brea Villaverde, Enxeñeiro Técnico Municipal.
- Dna. Belen Louzao Vieites, do Grupo Municipal PS de G.-PSOE.

**SECRETARIA DA MESA:**

- Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Por Resolución da Alcaldía nº 2018-0900 de data 27/07/2018, aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación para a contratación das obras de “HUMANIZACIÓN AVENIDA FERNANDO CONDE”, convocando a súa licitación.

Mediante anuncio publicado na Plataforma de Contratación do Sector Público faise pública a licitación, iniciando o prazo de 20 días naturais para a presentación de ofertas.

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, e segundo se acredita mediante certificado de Secretaría de data 22 de agosto de 2018, presentan ofertas as seguintes empresas:

<b>NOME DA EMPRESA</b>	<b>NÚMERO DE REXISTRO</b>	<b>DATA</b>
CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA)	2018-E-RC-7467	13-08-2018
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS S.L.	2018-E-RC-7477	13-08-2018
NAROM S.L.	2018-E-RC-7498	13-08-2018
MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	2018-E-RC-7525	14-08-2018
ORESA S.L.	2018-R-RC-7527	14-08-2018
COPCISA S.A.	2018-R-RC-7553	16-08-2018
ELSAMEX S.A.U.	2018-E-RC-7554	16-08-2018
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	2018-E-RC-7565	16-08-2018
ALCOMTE GALICIA S.L.	2018-E-RC-7571	16-08-2018
EXCAVACIONES Y	2018-E-RC-7572	16-08-2018

TRANSPORTES FIMASI S.L.		
OGMIOS PROYECTOS S.L.	2018-E-RC-7583	16-08-2018
NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	2018-E-RC-7585	16-08-2018

Seguidamente preguntado pola Secretaria do Concello aos compoñentes da Mesa, todos eles manifestan que NON se atopan incursos, en algunha situación pasada, presente ou que poida xurdir nun futuro previsible, de conflito de intereses con respecto das entidades que concorren ao presente proceso de contratación, asinando o documento do Anexo IX do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e que serán incorporados ao correspondente expediente electrónico deste contrato.

A continuación procédese á apertura do Sobre A que contén a documentación administrativa e a oferta de criterios non valorables en cifras ou porcentaxes.

Revisada pola Mesa a documentación administrativa, que non se pode facer a súa comprobación mediante a inscrición dos licitadores no ROLECE por non estar aínda en vigor a contratación electrónica, obténse o seguinte resultado:

**-CONSTRUCCIÓNS OBRAS E VIAIS S.A., (COVSA): Non presenta** o documento de compromiso de adscrición mínima á execución do contrato dos medios persoais. O resto da documentación presentada atópase correcta.

**-TABOADA Y RAMOS S.L.,** presenta correctamente toda a documentación.

**-NAROM S.L.: Non presenta** o documento de compromiso de adscrición mínima á execución do contrato dos medios persoais. O resto da documentación presentada atópase correcta.

**-MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.: Non presenta** o documento de compromiso de adscrición mínima á execución do contrato dos medios persoais. O resto da documentación presentada atópase correcta.

**-ORESA S.L.:** presenta correctamente toda a documentación.

**-COPCISA S.A.: Non presenta** o documento de compromiso de adscrición mínima á execución do contrato dos medios persoais. O resto da documentación presentada atópase correcta.

**-ELSAMEX S.A.U.: Non presenta** o documento de compromiso de adscrición mínima á execución do contrato dos medios persoais **nin tampouco** o documento do Anexo VIII do Prego de Cláusulas Administrativas relativo á Declaración de confidencialidade de datos e documentos. O resto da documentación presentada atópase correcta.

**-OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L., Non presenta** o documento de compromiso de adscrición mínima á execución do contrato dos medios persoais **nin tampouco** o documento do Anexo VIII do Prego de Cláusulas Administrativas relativo á Declaración de confidencialidade de datos e documentos. O resto da documentación presentada atópase correcta.

**-ALCOMTE GALICIA S.L., Non presenta** o documento de compromiso de adscrición mínima á execución do contrato dos medios persoais **nin tampouco** o documento do Anexo VIII do Prego de Cláusulas Administrativas relativo á Declaración de confidencialidade de datos e documentos. O resto da documentación presentada atópase correcta.

**-EXCAVACIONES Y TRANSPORTES FIMASI S.L.: Non presenta** a documentación en formato dixital, tal e como se establecía na cláusula 21.1 do

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, polo tanto a Mesa acorda por unanimidade excluír á indicada empresa deste procedemento de licitación.

**-OGMIOS PROYECTOS S.L.: Non presenta** o documento de compromiso de adscripción mínima á execución do contrato dos medios persoais. O resto da documentación presentada atópase correcta.

**-NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.: Non presenta** o documento de compromiso de adscripción mínima á execución do contrato dos medios persoais. O resto da documentación presentada atópase correcta.

A Mesa, a pesares de que algunha das empresas inclúen a adscripción mínima a execución do contrato dos medios persoais na documentación que contén a parte da oferta evaluable a través de criterios de adxudicación cuxa cuantificación depende dun xuízo de valor, considera que este compromiso debe de presentarse en documento aparte xunto coa documentación administrativa e considerando que se trata dunha documentación subsanable, acorda por unanimidade requirir ás empresas: CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS S.A. (COVSA), NAROM S.L., MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L., ORESA S.L., COPCISA S.A., OGMIOS PROYECTOS S.L. e NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U. para que presenten o indicado documento.

En canto ás empresas ELSAMEX S.L., OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L. e ALCOMTE GALICIA S.L., ademais de ter que presentar o documento de compromiso de adscripción mínima á execución do contrato dos medios persoais deberán de presentar igualmente o documento do Anexo VIII do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, relativo á Declaración de confidencialidade de datos e documentos.

Para a subsanación da indicada documentación concédeselle, a todas as empresas relacionadas anteriormente, un prazo improrrogable de tres días hábiles contados dende a recepción do requirimento.

Unha vez transcorrido o prazo concedido, volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante do Concello aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público o día e a hora, na que se dará conta da situación do expediente en canto á subsanación de documentación por parte dalgúns licitadores y posteriormente a examinar a oferta de criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día do seu comezo.

O PRESIDENTE DA MESA,

A SECRETARIA DA MESA,

(documento asinado electronicamente á marxe)